

ASOCIACIÓN AVIVA

Rúa Emilia Pardo Bazán 4-6 baixo
27002 LUGO
Tfno.: 982 250960



CRITERIOS REGULADORES PARA BENEFICIARIOS DA AXUDA ALIMENTARIA DA ASOCIACIÓN AVIVA

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS

- Entrevista persoal
- Recollida de documentación que xustifique a condición de beneficiario de alimentos
- Ficha social beneficiarios
- Informe social elaborado por TS

DESTINATARIOS/AS E BENEFICIARIOS/AS DAS AXUDAS.

Poderán ser beneficiarios das axudas alimentarias as persoas que están en risco de exclusión social e non posúan os ingresos suficientes para satisfacer as necesidades básicas alimenticias e que reúnan os seguintes requisitos.

1º- Estar empadroados en Lugo. Tal condición deberá ser acreditada polo solicitante, así como por todos os que compoñen a unidade familiar ou de convivencia que residan no mesmo domicilio que o solicitante. (Padrón conxunto)

2º - Estar inscrito no Sistema público de emprego de Galicia e/ou ter a condición de beneficiario de pensión de incapacidade permanente ou xubilación, RISGA, AIS ou Ingreso Mínimo Vital.

3º - Persoas que ao unificar os ingresos laborais e os complementos da unidade de convivencia non superen o importe establecido do 120% do IPREM do ano en curso.

4º - Non ser beneficiario de outras axudas de alimentos existentes na localidade ou fora dela. Esta situación acreditarase mediante declaración xurada.

5º - Persoas derivadas dos Servizos Sociais de base con informe social dos técnicos correspondentes.

OBLIGACIÓNS DOS BENEFICIARIOS

Aportar a documentación que se esixe, xustificando que se reúnen os requisitos establecidos

Comunicar as variacións de calquera das circunstancias alegadas que puideran dar lugar á modificación da axuda.

So se poderá presentar unha solicitude por unidade familiar no caso contrario anularanse as dúas.

DOCUMENTACION REQUERIDA:

A documentación de presentación obrigatoria será a seguinte:

1.- Copia DNI, NIE, pasaporte ou tarxeta de residencia de todos os membros da unidade familiar ou unidade de convivencia. Considerarase unidade familiar a definida na lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas 35/2006 de 28 de novembro de 2006. Considerarase unidade de convivencia a que este formada por un ou varios membros de unha ou varias unidades familiares que manteñan vínculo de parentesco entre eles e se atopen empadroados no mesmo domicilio.

2.- Certificado de empadramento conxunto.

3.- Certificado do Sistema público de emprego de Galicia de estar inscrito como demandante de emprego, do/a interesado/a e de todos os membros da unidade familiar en idade de traballar (maiores de 16 anos que non realicen formación regradada).

4.- Certificado do Sistema público de emprego de Galicia e/ou da Seguridade Social do interesado/a e de todos os membros da unidade familiar en idade de traballar, ou en situación de xubilación relativo á percepción ou non de prestación por desemprego y/ou pensión, RISGA, AIS ou Ingreso Mínimo Vital..

5.- Declaración do IRPF. Renda ou documento acreditativo expedido pola Axencia Tributaria de estar exento da presentación da declaración. No caso de non estar obrigado a presentala certificado de ingresos de cada un dos membros da unidade familiar.

6. As persoas que se atopen en condicións de inmigrantes sen NIE e que carezan de ingresos deberán facer unha declaración xurada da súa situación.

Documentación complementaria para a renovación trimestral das axudas.

Para poder ser beneficiario de las respectivas prórrogas os beneficiarios deberán solicitala xunto unha declaración xurada de que se manteñen as condicións da solicitude inicial.

CRITERIOS DE VALORACION.

Presentadas las solicitudes, procederá a valorar o cumprimento dos requisitos para ser beneficiario da axuda.

O baremo elixido para poder acceder ás axudas alimentarias será o 120% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples IPREM (índice empregado en España, como referencia, para a concesión de axudas, becas, subvenciones ou o subsidio de desemprego entre outros).

O baremo económico para acceder ás axudas queda definido da seguinte forma podendo acceder ás axudas os solicitantes que acrediten ingresos mensuais inferiores aos recollidos no cadro adxunto para cada un dos niveis de membros da unidade familiar

IPREM 2021: 564,90€

NÚMERO DE MEMBROS	CALCULO	CANTIDADE MENSUAL
1 MEMBRO	564,90€ 120% IPREM	677,90€
2 MEMBROS (18%)	120% IPREM + COMPLEMENTO 18%	799,90€
3 MEMBROS (15%)	120% IPREM + COMPLEMENTO(33%) 18% + 15%	901,60€
4 MEMBROS (12%)	120% IPREM + COMPLEMENTO (45%) 18% + 15% + 12%	982,95€
5 MEMBROS (10%)	120% IPREM + COMPLEMENTO (55%) 18% + 15% + 12% + 10%	1.050,75€
6 MEMBROS (10%)	120% IPREM + COMPLEMENTO (65%) 18%+15%+12%+10%+10%	1.118,50€
MAXIMO: 200% IPREM		

Unha vez cumprido o primeiro criterio de acceso consideraranse, a efectos de baremación e puntuación, para priorizar as achegas dos alimentos aos seguintes criterios

- Número de fillos menores a cargo
- Situación de desemprego sen prestación económica
- Familias monoparentais
- Vítimas de violencia de xénero
- Persoas transeúntes sen fogar
- Persoas con membros con discapacidade